

Convocatoria de bolsas Erasmus+K102 para F.C.T. de 01/10/2019 a 18/12/2019

O programa Erasmus+K102, vai dirixido a atender as necesidades de ensino e aprendizaxe de todas as persoas implicadas na educación e Formación Profesional, así como as institucións e organizacións que imparten ou facilitan esa formación.

A finalidade deste proxecto é incrementar o número de mobilidades VET dos estudantes de ciclos de grao medio de Formación Profesional nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia para que melloren a súa formación lingüística e cultural, o coñecemento de diferentes formas de produción, deseño, materiais e formas de traballo noutros países da Unión Europea. Ao mesmo tempo recibimos alumnado deses outros países para que realicen as súas prácticas en Galicia.

Obxecto da convocatoria

Concesión de **3 becas Erasmus+ K102** de mobilidade de estudantes para facer prácticas en empresas da Unión Europea condicionadas á concesión do proxecto.

Destinatarios

Alumnado, en **OFERTA MODULAR**, matriculado no CIFP Compostela, en calquera **Ciclo Formativo de Grao Medio**, que vaia a realizar o módulo de Formación en Centros de Trabajo (FCT) no curso 2019-20 e estea interesado en realizala en empresas de países da Unión Europea.

Requisitos para participar na selección

- Estar matriculado no CIFP Compostela nos últimos módulos da oferta modular de calquera Ciclo Formativo de Grado Medio que se imparta no centro.
- Reunir os requisitos para poder realizar a FCT.
- Ter a nacionalidade española ou posuír a nacionalidade dun país participante no PAP (programa de aprendizaxe permanente) ou de terceiros países, nese caso deberás acreditar que estás en posesión dun permiso válido para residir en España durante o período de realización da mobilidade.
- É obrigatorio posuír un coñecemento suficiente do idioma en que se recibirá a formación no país de acollida ou en inglés (lingua vehicular de UE). Para iso realizarase unha proba de nivel lingüístico oral e escrito¹ en caso de non presentar a titulación oficial mínima requirida (nivel recomendado B1).
- Presentar a solicitude e documentación solicitada dentro do prazo previsto.

Trátase dunha axuda económica para todo o período e todos os conceptos (desprazamento, aloxamento, manutención, etc.) sen prexuízo das axudas complementarias que no seu caso convoquen outras Administracións (exemplo: Ministerio de Educación, Universidade e Formación Profesional) ou outras entidades, NON serán compatibles coas axudas económicas para o alumnado que realiza a FCT convocadas pola Consellería de Educación, Universidade de Formación Profesional.

Contía da bolsa²

A contía de cada beca é segundo tramo por país e km serán calculadas en función de:

PAISES DE DESTINO	ESTUDANTES	
	Apoio Individual por (€)	
	Día 1- 14*	Día 15 -60**
Noruega, Dinamarca, Luxemburgo, Reino Unido, Islandia, Suecia, Irlanda, Finlandia, Liechtenstein	72€	50€
Países Baixos, Austria, Bélxica, Francia, Alemaña, Italia, España, Chipre, Grecia, Malta, Portugal	62€	43€
Eslovenia, Estonia, Letonia, Croacia, Eslovaquia, República Checa, Lituania, Turquía, Hungría, Polonia, Romanía, Bulgaria, Antiga República Iugoslava de Macedonia, Serbia.	53€	37€

Nesta convocatoria o CIFP Compostela non ten planificadas mobilidades para este tramo.

* Importes acordados entre o mínimo e o máximo para estudantes o primeiro e 14º día. Correspóndese con 60% do máximo indicado na Guía do Programa.

** Entre o 15º día da actividade e ata 12 meses: o 70% do importe por día por participante especificado na primeira columna (*)

Subvención da viaxe:

¹ Valoraranse os coñecementos do idioma de país de destino, mediante achega da certificación oficial correspondente (mínimo B1 ou equivalente. B1: 1 punto, B2: 2 puntos, C1 ou más: 3 puntos). En caso de non ter ningunha certificación das anteriormente citadas valoraranse coñecementos de inglés (como lingua habitual no entorno europeo), mediante achega da certificación correspondente, B1: 1 punto, B2: 2 puntos, C1 ou más: 3 puntos ou proba.

² Contía máxima, a contía final confirmarase en función da mobilidade, Kms e convenio.



Entre 500 -1999 km	275€ por participante
Entre 2000 – 2999 km	360€ por participante

Sen prexuízo das axudas complementarias que no seu caso convoquen outras Administracións (exemplo: Ministerio de Educación, Cultura e Deporte) ou outras entidades, NON serán compatibles coas axudas económicas para o alumnado que realiza a FCT convocadas pola Consellería de Educación, Universidade de Formación Profesional.

Período de estancia

Duración media por participante 91 días nas que se inclúe todo o período da FCT.

O tempo de estadía de formación na empresa é sempre o estimado no convenio Erasmus+KA102 coa mesma, así como o indicado no convenio asinado co alumno/a e o CIFP Compostela, independentemente da duración do módulo de FCT.

País e empresa de destino

O equipo docente e o titor, xunto co coordinador de Programas Internacionais, de acordo co propio beneficiario determinarán o país e a empresa de destino, dentro dos dispoñibles e autorizados:

Nº mobilidades	País de destino ³	Ciclo formativo
1	Irlanda / Bélxica/ Dinamarca/ Francia	Z.M. Cociña e gastronomía.
1	Irlanda / Alemaña	Z.M. Atención a persoas en situación de dependencia.
1	Irlanda / Bélxica/ Francia	Z.M. Servizos en restauración.

Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes é do **10 de maio ao 27 de maio de 2019**.

Farase unha reunión informativa o xoves conxunta para KA 102 /KA 103 os días 9 de maio de 2019 ás 19.00 horas na “Sala de reunións” aula “Parlamento”.

Documentos necesarios para participar no proceso de selección

- Solicitud de participación (recoller na conserxaría do CIFP Compostela ou consultar na web do centro), copia de DNI ou equivalente e certificado de idioma se fose o caso.
- A solicitud, xunto coa documentación anterior, débese entregar na secretaría do CIFP Compostela, dentro do prazo establecido.

Criterios de selección e valoración dos candidatos

Para a valoración das solicitudes e a adxudicación das becas, o alumnado pasará un proceso de selección no que se valorará:

PUNTUACIÓN PARA ACCESO A BECA			% TOTAL	Media	NOTA
1	Expediente académico (1)	Mínimo media de 6,00	40 %		
2	Coñecemento de idiomas (2)	Mínimo nivel recomendable, equivalente a B1 (Proba de Inglés / Certificación oficial)	30 %		
3	Grao de comunicación, autonomía persoal, responsabilidade, madurez e motivación. Mínimo 5,00 puntos. (3)		30 %		
TOTAL PUNTUACIÓN			100 %		

(1)- Baremarase unicamente aquel alumnado que teña superados todos os módulos.

(2)- Valoración efectuada polo departamento de linguas estranxeiras.

(3)- Valoración efectuada polo equipo docente do alumno/a.

Unha vez valoradas todas as solicitudes publicarase a resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do centro, www.cifpcompostela.edu.es. Contra esta resolución os interesados poderán presentar unha solicitud de revisión, ante a Dirección do Centro, no prazo de 10 días lectivos contados a partir da data de publicación.

Recoñecemento das prácticas

A mobilidade Erasmus+ KA102 para prácticas permite a realización de toda a FCT(exceptuando Francia) nun país da Unión Europea cos mesmos efectos de recoñecemento que si se realizara nunha empresa española.

O CIFP Compostela recoñecerá academicamente o período de prácticas, sempre que se alcancen os logros acordados por ambas partes no programa formativo, rexistrarse tamén o Certificado de Mobilidade Europass e o Suplemento Europeo ao Título.

³ O alumnado que desexe realizar unha mobilidade en **Reino Unido** deberá solicitalo pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (situación marcada polo Brexit), o CIFP Compostela ofertará mobilidades ZM de Cociña e Gastronomía e ZM de Servizos en Restauración.

